

Saúdos dende XentenoVA!

Esta carta vai dirixida aos que estades inscritos no **CAMPAMENTO DE VERÁN DE XENTENOVA 2020**. Nela explicamos todo o que precisades ter en conta.

1. **SAÍDA:** Tedes que estar o **Venres 21 de Agosto ás 12:45h no parque anexo aos locais habituais da entidade**. Sairemos en bus cara o Albergue Rural o Coto en Arbo. (Recomendamos que vaia so un acompañante por participante. Unha vez alí, permanecedes cada quen nunha zona esperando polo embarque e a que se acheguen os animadores. Evitemos xa dende o inicio o contacto innecesario con outros participantes e familiares. Gardemos as distancias de seguridade)
2. **VOLTA:** Será o **Xoves 27 de Agosto sobre as 19h** no mesmo lugar da saída.
3. **SERVIZOS INCLUÍDOS:** Viaxes en bus, aloxamento (en camas), manutención (cociñan os animadores), materiais, 1 animador por cada 5 rapaces, pólizas de seguros, etc...
4. **O QUE TEDES QUE LEVAR:**
 - **TARXETA SANITARIA ORIXINAL.** (IMPRESINDIBLE)
 - **DNI persoal.** (IMPRESINDIBLE)
 - **XANTAR E MERENDA DO PRIMEIRO DÍA:** Cada participante achegará a súa propia comida que non poderá compartir con ninguén. **Achegade comida saudable e so o que vaiades comer**, xa que non queremos ter que tirala.
 - **Maleta non moi grande.** Con rodas ou que a poida cargar o participante. Temos que camiñar un tramo dende o autobús ata o albergue e cada quen debe poder cargar co seu. Recomendamos repartir as cousas entre a maleta e a mochila.
 - **Saco de durmir.**
 - **Roupa de verán para cada día e algunha de recambio a maiores** (Evitar prendas moi novas e elegantes. Iremos estar no monte).
 - **Roupa que abrigue para as noites** (1 peza de corpo enteiro: pantalón largo, chándal, suadoiro, xersei, chaqueta, ...)
 - **Pixama.**
 - **Útiles de aseo persoal.**
 - **1 toalla grande para a ducha.**
 - **1 traxe de baño e 1 toalla para a praia.**
 - **Chancletas para a ducha.** (MOI IMPORTANTE)
 - **Escarpíns.** (Para cando nos mollemos e non danar os tenis)
 - **Gorra para o sol** (MOI IMPORTANTE).
 - **2 pares de calzado deportivo pechado** (tenis) **para poñer con calcetíns.**
 - **Mochila para as camiñadas** (Que non sexa demasiado pequena porque teñen que levar auga, xantar, merenda, toalla, etc).
 - **Cantimplora.** (IMPRESINDIBLE)

Vigo, 17 de Agosto de 2020

- **Protección solar.**
 - **Lanternas con pilas para as noites.**
 - **Ante-mosquitos** (recomendamos pulseiras e chaveiros. Pomada para as picaduras ou autorización para que nós poidamos administrar unha).
 - **Medicación persoal** (de ser o caso)
 - **10 Máscaras homologadas desbotables** (como mínimo). (IMPRESINDIBLES)
 - **Bolsas para a roupa usada.**
3. **TELÉFONO:** O **Teléfono oficial do Campamento** será o de Xentenova: **626 531 723**. Poderedes chamar aos vosos fillos a este teléfono no horario establecido **de 15h a 15:30h**. Convidamos e animamos a que os vosos fillos deixen o teléfono móbil na casa estes días. De todos os xeitos, se o levan, só poderán usalo nesa franxa horaria. O obxectivo do campamento é a convivencia e a diversión entre o grupo polo que non queremos que os móbiles rompan esta dinámica. **En caso de emerxencia, poderedes chamar ao teléfono móbil do campamento a calquera hora do día ou da noite.**
4. **CARTOS:** Cantos menos mellor. Temos todo o que precisamos alí e non queremos fomentar o consumo nin as diferenzas de poder adquisitivo entre os participantes. En caso de mercar algo, soamente o poderemos facer nalgún momento moi puntual polo que non precisan moitos cartos (non máis de 10€ cambiados).
5. **COUSAS DE VALOR:** O mesmo criterio que para os cartos: cantas menos cousas levedes de valor, mellor. Sobre todo cousas susceptibles de perderse. O campamento non se fai responsable das posibles perdas. Lembra que estamos no monte e alí é como buscar unha agulla nun palla.
6. **TEMAS DE SAÚDE:** Non levamos enfermeiro titulado, polo que serán o director e os coordinadores os responsables das medicacións e das posibles lesións. Temos localizado o centro de saúde de Arbo que é o máis achegado para casos de emerxencia e levamos coche de apoio para o que se precise. Chamaremos a casa so en casos de verdadeira emerxencia. **HAI QUE LEVAR TARXETA SANITARIA ORIXINAL.**
7. **TEMAS ALIMENTICIOS:** Este ano non temos servizo de cociña polo que cociñaremos so os animadores por prevención de COVID-19. Serán o director e os coordinadores os responsables da cociña e tamén de controlar as dietas e alerxias alimentarias especiais.
8. **O QUE NON HAI QUE LEVAR!!!:** De cara a potenciar a convivencia entre os participantes, consideramos importante que non levan o seguinte: **comida para picar a escondidas** (a que se leve confiscarse), **mp3/4** (de levalos so se poderá usar para quedar durmidos), **consolas e xogos varios**, ...).

Creemos que non se nos esquece nada. Pero por se fora o caso, para calquera dúbida poñédevos en contacto connosco chamándonos ao teléfono **626 531 723** ou a través do mail axx@xentenova.org. Nada máis pola nosa banda, recibe un saúdo e ata o día da saída.

Os animadores de Xentenova